

VERSIÓN GALEGO

- 1) Que permiso de condución se necesita para automóbiles cuxa MMA excede os 3.500 kg e non supera os 7.500 kg e o número de asentos, inclusive o do/a condutor/a, no exceda de nove?
 - a) B
 - b) B+E
 - c) C1
- 2) Cando está chovendo, que presión deben ter os pneumáticos?
 - a) Maior que a aconsellada polo fabricante
 - b) Menor que a aconsellada polo fabricante
 - c) A presión aconsellada polo fabricante
- 3) Cal das seguintes residencias universitarias da Universidade de Santiago de Compostela (USC) non está situada en Santiago de Compostela?
 - a) Residencia Universitaria Jesús Bal y Gay
 - b) Residencia Universitaria Monte da Condesa
 - c) Colexio Maior Fonseca
- 4) Que é un equipo de traballo?
 - a) É un conxunto de persoas con coñecementos e habilidades complementarias, organizadas cun fin común, e cun modo de actuar común
 - b) É un conxunto de persoas con coñecementos e habilidades diferenciadas e con obxectivos individuais
 - c) É un conxunto de persoas, como máximo 5, con coñecementos e habilidades diferenciadas e con obxectivos individuais
- 5) Indique a resposta correcta cando se circule por carrís reversibles:
 - a) Os/as condutores/as deberán levar acendida a luz de curto alcance ou de cruce, tanto de día como de noite
 - b) Os condutores/as deberán levar acendida a luz de curto alcance ou de cruce, só de noite
 - c) Os condutores/as deberán circular á metade da velocidade permitida no sentido normal da circulación
- 6) Cal é a taxa de alcol en sangue a partir da cal o Código Penal establece que un condutor cometeu un delito contra a seguridade viaria?
 - a) 1 gr/l
 - b) 1,2 gr/l
 - c) 1,5 gr/l
- 7) Cal dos seguintes non é un dispositivo de guía?
 - a) Fitos de aresta
 - b) Captafaros horizontais
 - c) Conos

- 8) Indique a resposta correcta respecto do período de vixencia do permiso de condución da clase C+E cando o titular teña 58 anos:
- a) Cinco anos
 - b) Catro anos
 - c) Tres anos
- 9) Cal dos seguintes non é un servizo da USC?
- a) Servizo de Xestión Académica
 - b) Servizo de Control Interno
 - c) Servizo de Estudos
- 10) Os/as condutores/as de vehículos destinados ao transporte de mercadorías cun peso máximo autorizado superior a 3.500 kg, non poderán circular polas vías públicas cunha taxa de alcol en aire exhalado superior a:
- a) 0,5 miligramos por litro
 - b) 0,25 miligramos por litro
 - c) 0,15 miligramos por litro
- 11) Indique a resposta correcta no suposto da circulación dun vehículo sen autorización:
- a) Procederase á retirada do vehículo
 - b) O vehículo quedará a disposición xudicial
 - c) O vehículo inmovilizarase
- 12) O responsable do parque móbil indícalle que recibiu unha chamada da directora do Centro Integral de Análise e Resolución de Conflitos da USC para que a recolla no centro e a leve a unha reunión co director da Dirección Xeral de Xustiza da Xunta de Galicia. Indique a resposta correcta:
- a) Debería recollela na Facultade de Dereito e levala ao edificio administrativo da Xunta en San Caetano
 - b) Debería recollela na Facultade de Dereito e levala ao Polígono de Fontiñas na rúa Madrid
 - c) Debería recollela no edificio da Reitoría e levala ao edificio administrativo da Xunta en San Caetano
- 13) Atendendo á súa natureza, que tipos de transporte de pasaxeiros existen?
- a) Públicos e privados
 - b) Urbanos e interurbanos
 - c) Nacionais e internacionais
- 14) Se varían os datos que figuran no permiso ou licenza de condución, indique o prazo no que debe comunicarse á xefatura de tráfico:
- a) Prazo máximo de 15 días
 - b) Prazo máximo de 10 días
 - c) Prazo máximo de 30 días

- 15) En caso de néboa espesa, que luces debe utilizar o/a conductor/a dun turismo?
- a) A luz antinéboa dianteira e as de emerxencia
 - b) A luz antinéboa traseira, as luces de posición e as de emerxencia
 - c) A luz antinéboa traseira, as luces de posición e as de curto alcance
- 16) Que é a seguridade activa?
- a) As distintas partes do automóbil que, en caso de accidente, interveñen evitando ou diminuindo os danos que poidan recibir os ocupantes do vehículo
 - b) A seguridade que aplica o condutor de forma activa
 - c) Todos aqueles elementos do vehículo pensados e destinados a facilitar a súa condución dunha forma segura e fácil, destinados a previr os accidentes
- 17) Que tipo de pneumático ofrece maior confort e adherencia?
- a) Pneumático radial
 - b) Pneumático diagonal
 - c) Ambos os dous ofrecen as mesmas garantías
- 18) Que documento pode substituír temporalmente, cando sexa necesario, a un permiso de circulación cos mesmos efectos ca este?
- a) Un permiso provisional
 - b) Unha autorización temporal
 - c) Non existe ese tipo de documento
- 19) A profundidade mínima das rañuras principais da banda de rodamento debe ser de:
- a) 0,6 mm
 - b) 1,6 mm
 - c) 0,16 mm
- 20) Que é a seguridade pasiva?
- a) As distintas partes do automóbil que, no caso de accidente, interveñen evitando ou diminuindo os danos que poidan recibir os ocupantes do vehículo
 - b) Todos aqueles elementos do vehículo pensados e destinados a facilitar a súa condución dunha forma segura e fácil, destinados a previr os accidentes
 - c) As respostas a) e b) son incorrectas
- 21) Cando actúan os pretensores?
- a) Actúan unicamente para recoller o cinto de seguridade
 - b) Actúan cando a gravidade do impacto é importante e o cinto por si mesmo non é suficiente
 - c) Actúan cando a gravidade do impacto é pouco importante e evita que o cinto entre en funcionamento
- 22) Cal das seguintes categorías de vehículos, para novas homologacións, ten a obriga de levar instalado un alcolímetro antiarranque?
- a) M2

- b) N2
 - c) M1
- 23) Os tres principios da condución preventiva, por orde de actuación, son:
- a) Visión, Anticipación, Reacción
 - b) Visión, Anticipación, Control do espazo
 - c) Anticipación, Visión, Reacción
- 24) Nun vehículo non destinado exclusivamente ao transporte de mercadorías, en que porcentaxe poderá sobresaír a carga pola parte posterior?
- a) 10 % da lonxitude do vehículo, se a carga é divisible
 - b) 20 % da lonxitude do vehículo, se a carga é indivisible
 - c) Ningunha resposta é correcta
- 25) Nun vehículo destinado exclusivamente ao transporte de mercadorías, de 5 metros ou inferior, se se trata dunha carga indivisible, canto poderá sobresaír a carga?
- a) Un terzo da lonxitude do vehículo por diante e por detrás
 - b) Dous terzos da lonxitude do vehículo por diante e por detrás
 - c) Tres metros por diante e dous metros por detrás
- 26) Que se entende por vía interurbana?
- a) Toda vía pública situada dentro dunha poboación, salvo os tramos en travesía
 - b) Toda vía pública situada fóra dunha poboación
 - c) A estrada que non reúne as características propias das autoestradas, autovías e vías para automóbiles
- 27) Que é a velocidade xenérica?
- a) É o límite de velocidade que ten cada tipo de vehículo en función da vía pola que circula
 - b) É a velocidade máxima segura en condicións favorables para unha vía segundo o seu trazado
 - c) É a velocidade pola que por debaixo dela non se debe circular
- 28) Cando circulamos por un túnel, cun vehículo de MMA inferior a 3.500 kg, a distancia de seguridade será de:
- a) Polo menos 100 m ou un intervalo de 4 segundos
 - b) Polo menos 150 m ou un intervalo de 4 segundos
 - c) Polo menos 50 m ou un intervalo de 4 segundos
- 29) Se un/unha condutor/a pretende realizar unha manobra, en que orde deberá realizar as seguintes accións?
- a) Sinalizar, Observar, Manobrar
 - b) Sinalizar, Manobrar, Observar
 - c) Observar, Sinalizar, Manobrar

- 30) Indique a resposta correcta respecto do Centro de Estudos Fílmicos da USC:
- a) Non existe
 - b) Existe e está situado na Facultade de Xeografía e Historia
 - c) Existe e está situado na Facultade de Ciencias da Comunicación
- 31) Indique a resposta correcta respecto da obrigatoriedade de diminuír a velocidade por parte do vehículo que é adiantado:
- a) Será obrigatoria en todo caso
 - b) Será obrigatoria cando, iniciado o adiantamento, se dea unha situación de perigo para o que o adianta
 - c) Será obrigatoria só cando se lle indique, visual ou acusticamente, o propósito de ser adiantado
- 32) Sinala a resposta incorrecta:
- a) Os vehículos que circulen por raís teñen dereito de prioridade de paso sobre os demais usuarios
 - b) Terán dereito de preferencia de paso os vehículos que circulen por unha vía sen pavimentar fronte aos procedentes doutra pavimentada
 - c) Nas glorietas, os que se estean dentro da vía circular terán preferencia de paso sobre os que pretendan acceder a ela
- 33) De forma excepcional e co percorrido mínimo indispensable, permítese circular marcha atrás:
- a) Como manobra complementaria dunha incorporación á circulación, unha parada ou un estacionamento e o percorrido non superará os 15 metros.
 - b) Na autoestrada ou autovía como manobra complementaria dunha incorporación á circulación e que o percorrido non supere os 10 metros
 - c) Só está permitido realizar a manobra de marcha atrás, para realizar un estacionamento
- 34) A vindeira semana terá lugar unha reunión do Pleno do Consello Social. Indique onde ten a súa sede o Consello Social da USC:
- a) No Pazo de Fonseca
 - b) No Colexio de San Xerome
 - c) Na Casa da Concha
- 35) Está permitido dar marcha atrás para realizar un cambio de sentido?
- a) Si
 - b) No
 - c) Só en circunstancias meteorolóxicas adversas
- 36) A orde de prioridade entre os sinais de circulación é:
- a) Axentes de circulación, sinais circunstanciais e de balizamento, semáforos, sinais verticais, marcas viarias
 - b) Axentes de circulación, sinais circunstanciais e de balizamento, semáforos, marcas viarias, sinais verticais

- c) Axentes de circulación, semáforos, sinais verticais, sinais circunstanciais e de balizamento, marcas viarias
- 37) Que significan os sinais e as ordes acústicas dos axentes:
- a) Un toque longo significa continuar a marcha
 - b) Un toque longo significa deterse
 - c) Non existe esa clase de orde dos axentes
- 38) Os motores coñecidos como de “ciclo Otto” utilizan como combustible:
- a) Gasolina
 - b) Diésel
 - c) Son eléctricos
- 39) No desenvolvemento do ciclo térmico dun motor de 4T existen catro fases. Indique cal é a duración de cada fase:
- a) 90 graos cada unha
 - b) 180 graos cada unha
 - c) 360 graos cada unha
- 40) Si se comproba que a persoa accidentada non respira, unha vez abertas as vías respiratorias:
- a) Deberase esperar a chegada da ambulancia
 - b) Comezarse a efectuar a masaxe cardíaca
 - c) Iniciarase inmediatamente a RCP
- 41) Indique onde está situado o museo da Domus do Mitreo da USC:
- a) Na cidade de Lugo, no Pazo de Montenegro
 - b) Na cidade de Santiago de Compostela, no Museo da Catedral
 - c) Na cidade de Lugo, no Museo Provincial
- 42) Indique o nome do líquido que cobre as placas de chumbo dunha batería:
- a) Sulfúrico
 - b) Electrólito
 - c) Ácido sulfúrico
- 43) Onde vai colocada a peza coñecida como “estator”?
- a) Motor de arranque
 - b) Bobina
 - c) Alternador
- 44) Algunhas válvulas de escape, para a súa refrixeración, van recheas no seu interior de:
- a) Sodio
 - b) Potasio
 - c) Magnesio

- 45) Indique o sistema de accionamiento cando a árbore de levas va situada na culata ou cabeza:
- a) OHV
 - b) OHC
 - c) OCH
- 46) O vicerreitor de Estratexia Científica pídlle que o leve á sede do Instituto de Estudos e Desenvolvemento de Galicia, onde ten unha reunión coa directora do Instituto. A onde debería levalo?
- a) Ao chalé dos catedráticos situado na Avenida das Ciencias
 - b) Este Instituto non ten unha sede fixa, xa que agrupa a investigadores e investigadoras de varias facultades. Debería levalo á facultade a onde pertenza a directora.
 - c) Á Facultade de Xeografía e Historia
- 47) Nun motor de explosión de catro cilindros, coa orde de acendido 1-3-4-2, se o cilindro número 1 está no tempo de explosión, o número 4 estará en:
- a) Admisión
 - b) Escape
 - c) Compresión
- 48) O pé de biela únese:
- a) Á “muñequilla” do cegoñal
 - b) Ao bloque motor
 - c) Ao pistón
- 49) O fondo da placa de sinalización dunha estrada autonómica de terceiro nivel será de cor:
- a) Amarela
 - b) Vermella
 - c) Marrón
- 50) A distancia que percorre un pistón entre o PMI e o PMS denomínase:
- a) Calibre
 - b) Carreira
 - c) Cilindrada
- 51) O elemento que actúa en función da temperatura da auga de refrixeración é:
- a) A bomba da auga
 - b) O radiador
 - c) O termóstato
- 52) Na Rúa de Xoaquín Díaz de Rábago de Santiago de Compostela sitúase:
- a) O Instituto Galego de Física de Altas Enerxías
 - b) A Facultade de Física
 - c) Non hai ningún centro ou servizo da USC nesa rúa

- 53) Cando falamos do “perfil” dunha lamia, a zona onde se apoia lateralmente o talón da cuberta chámase:
- a) A pestana
 - b) O asento do talón
 - c) A base
- 54) Para os efectos da valoración das aptitudes psicofísicas para obter ou prorrogar o permiso ou a licenza de condución, os/as condutores/as clasifícanse en:
- a) Grupo 1 e Grupo 2
 - b) Clase A e Clase B
 - c) Categoría M e Categoría N
- 55) O eixe de saída da caixa de velocidades é o:
- a) Eixe primario
 - b) Eixe secundario
 - c) Eixe terciario
- 56) Indique onde se sitúa o Centro Interdisciplinar de Investigación en Tecnoloxías Ambientais:
- a) No Campus de Lugo, concretamente na Escola Politécnica Superior
 - b) No Campus Vida, concretamente na rúa Constantino Candeira
 - c) No Campus Vida, concretamente na Escola Técnica Superior de Enxeñaría
- 57) En calquera situación de funcionamento do vehículo, considérase que a suxeición da carga é correcta cando:
- a) O cambio de posición das cargas é mínimo
 - b) O cambio de posición das cargas é nulo
 - c) O cambio de posición das cargas non supera o 50 %, salvo situacións de emerxencia
- 58) Que forzas en sentido lateral, causadas pola aceleración o deceleración, debe poder soportar a suxeición dunha carga?
- a) O peso da carga multiplicado por 0,8
 - b) O peso da carga multiplicado por 0,5
 - c) Non hai nada regulado ao respecto
- 59) Considérase que a suxeición da carga é correcta cando:
- a) As mercadorías non poden desprazarse fóra da superficie de carga, salvo situacións de emerxencia
 - b) As mercadorías non poden desprazarse fóra da superficie de carga, salvo manobras de arranque costa arriba
 - c) As mercadorías non poden desprazarse fóra da superficie de carga, en calquera situación de funcionamento do vehículo
- 60) A que velocidade máxima pode circular un autobús que realiza un transporte escolar por unha estrada convencional?

- a) 90 km/h
 - b) 80 km/h
 - c) 70 km/h
- 61) Que constitúe un delito contra a seguridade viaria?
- a) Conducir un vehículo en vía interurbana 40 km por riba da velocidade permitida
 - b) Conducir un vehículo en vía urbana 50 km por riba da velocidade permitida
 - c) Conducir un vehículo en vía urbana 60 km por riba da velocidade permitida
- 62) Para o cómputo de carrís:
- a) Teranse en conta todos os que existan, sinalizados como tal, e as beiravías
 - b) Teranse en conta todos os que existan, sinalizados como tal, agás as beiravías
 - c) Non se terán en conta os reservados a determinados vehículos ou a certas manobras
- 63) O reitor da USC ten unha reunión no despacho da directora da Escola de Relacións Laborais, a onde terá que levala?
- a) Ao complexo docente do Campus de Lugo
 - b) Á Avda. Dr. Ángel Echeverri, s/n, en Santiago de Compostela
 - c) Á Rúa Constantino Candeira s/n, en Santiago de Compostela
- 64) Que é unha estrada multicarril?
- a) Un tipo de autovía
 - b) Unha estrada que, sen ser autoestrada nin autovía, ten varios carrís para a circulación en cada sentido
 - c) Calquera estrada con máis dun carril por sentido de circulación
- 65) Nunha vía cun carril para cada sentido da marcha, está permitido que un condutor adiante a varios vehículos ao mesmo tempo?
- a) Non, en ningún caso
 - b) Só si se pode volver á dereita sen causar perigo no caso de encontrar vehículos de fronte
 - c) Si, sempre que adiante a vehículos de grandes dimensións
- 66) Está conducindo un autobús de 8 metros que arrastra un remolque lixeiro por unha autovía interurbana. A autovía ten tres carrís con circulación en ambos os sentidos. Pode circular polo carril que ten á súa esquerda?
- a) Non, porque o meu conxunto de vehículos mide máis de 7 metros
 - b) Si, sempre que a situación así o permita e no entorpeza a marcha doutro vehículo
 - c) Si, pero só se é para adiantar
- 67) Se aínda no saíu o sol, pero existe boa visibilidade, que iluminación debe utilizar se circula por unha vía interurbana?
- a) A iluminación de posición e a de curto alcance
 - b) Ningunha
 - c) A iluminación de posición, unicamente

- 68) No caso de existir néboa espesa, ademais de reducir a visibilidade, ¿pode diminuír a adherencia dos pneumáticos sobre a calzada?
- a) Si, pero só no caso de frear bruscamente
 - b) Non, a adherencia dos pneumáticos só diminúe cando chove
 - c) Si, debido a que a néboa humedece a calzada facéndoa máis esvaradía
- 69) Segundo a orde de prioridade entre os distintos tipos de sinais de circulación, as prescricións indicadas polos semáforos prevalecerán sobre as indicadas por:
- a) Os sinais verticais de circulación e as marcas viarias
 - b) O sinais e as ordes dos axentes de circulación
 - c) A sinalización circunstancial
- 70) Na entrada da vía pola que vai circular, encóntrase o sinal S-28, cal será a velocidade máxima que non poderá sobrepasar?
- a) 50 quilómetros por hora
 - b) 30 quilómetros por hora
 - c) 20 quilómetros por hora
- 71) Se existe fundada sospeita de que unha vítima de accidente ten unha lesión na columna vertebral:
- a) Deberá colocala en posición de "defensa"
 - b) Non se deberá mover nunca a persoa accidentada
 - c) Colocarase na posición semisentada
- 72) O rei Felipe VI visita Galicia e ten programada unha reunión coa delegación institucional do CSIC en Galicia á que tamén asistirá o reitor ao que ten levar vostede no vehículo oficial. Onde se sitúa esta delegación do CSIC?
- a) Na Rúa do Franco, 2 en Santiago de Compostela.
 - b) No Campus Vida, a carón da Facultade de Química
 - c) Nas Casas dos Catedráticos, no Campus Vida
- 73) Que cota de xeometría favorece a estabilidade da dirección?
- a) Caída
 - b) Convergencia
 - c) Avance
- 74) De que elemento forma parte o regulador que impide a un motor diésel superar a velocidade de rotación máxima prevista?
- a) Da bomba inxectora
 - b) Do sistema avanzado de inxección
 - c) Da válvula de presión

- 75) Como mantemento preventivo, é conveniente realizar unha revisión periódica do sistema de iluminación do vehículo?
- a) Si, para comprobar a súa correcta regulación e funcionamento
 - b) Non, salvo nos vehículos que dispoñan dun sistema de regulación automático
 - c) Non, só, cando leve sobrecarga porque poderían producirse cambios de inclinación do alcance luminoso
- 76) Para que a medición sexa exacta, indique como deberá comprobarse o nivel de aceite do motor dun vehículo:
- a) Co motor temperado e o vehículo horizontal
 - b) Co motor quente
 - c) Co motor frío e o vehículo horizontal
- 77) Cal dos elementos que se citan son de seguridade activa dun vehículo?
- a) A dirección e o cinto de seguridade
 - b) A dirección e os freos.
 - c) Os freos e os apoiacabezas
- 78) Cal é la función do bórax no líquido refrixerante?
- a) Diminuír a corrosión
 - b) Darlle a súa cor característica
 - c) Evitar a conxelación
- 79) Con que siglas se coñecen os vehículos híbridos enchufables?
- a) HEV
 - b) PHEV
 - c) BEW
- 80) Por que unha baixada de temperatura incide no consumo de combustible?
- a) Porque se contraen os pneumáticos, reducíndose o consumo
 - b) Porque se incrementa a densidade do aire, aumentando a resistencia aerodinámica e o consumo
 - c) Porque se incrementa a densidade do combustible, reducíndose o consumo
- 81) Que identifica o sinal V-25 colocado nos vehículos?
- a) A súa clasificación ambiental en función do seu nivel de emisións e combustible empregado
 - b) O tipo de combustible empregado e o seu nivel de radiación atmosférica
 - c) A súa clasificación ambiental en función do seu nivel de contaminación acústica
- 82) Cal dos seguintes sistemas non pertence á transmisión dun automóbil?
- a) A distribución
 - b) A caixa de velocidades
 - c) O mecanismo cónico-diferencial

- 83) Que iluminación deberá manter acendido un vehículo estacionado durante a noite na beiravía dunha travesía insuficientemente iluminada?
- a) Ningún, xa que é un estacionamento dentro de poboación
 - b) As luces de longo alcance e as luces de emerxencia
 - c) As luces de posición, que poderá substituír polas de estacionamento.
- 84) O reitor ten un reunión programada no Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela para asinar un convenio co SERGAS. Onde se sitúa este Instituto?
- a) No mesmo centro onde está o Centro Singular de Investigación en Medicina Molecular e Enfermidades Crónicas
 - b) No Hospital Gil Casares de Santiago de Compostela
 - c) No Hospital Clínico de Santiago de Compostela
- 85) O obxecto das probas de aptitude psicofísica é deixar constancia de que non existe enfermidade ou deficiencia que poidan supoñer incapacidade para conducir asociada con:
- a) A capacidade neolectora
 - b) A capacidade intelectual
 - c) A capacidade visual e auditiva
- 86) Que é o efecto submarino?
- a) Cando o corpo, suxeito polo cinto de seguridade, esvara por debaixo da banda abdominal
 - b) Cando o corpo, suxeito polo cinto de seguridade, está ben apoiado ao respaldo do asento
 - c) Cando o corpo, suxeito polo cinto de seguridade, non esvara por debaixo da banda abdominal
- 87) Indique que entrada habilitada deberá utilizar para acceder á zona monumental de Santiago de Compostela:
- a) Rúa de San Francisco
 - b) Rúa Doutor Teixeiro
 - c) Praza de Galicia
- 88) Indique como se fai a unión entre os vasos dunha batería:
- a) En serie
 - b) En paralelo
 - c) Os vasos non están unidos
- 89) Indique cal é a definición de Rol:
- a) Papel, función que alguén ou algo desempeña
 - b) Orde de servizo
 - c) Instrución de servizo

- 90) Indique a resposta correcta respecto da entrada na zona monumental da cidade de Santiago de Compostela:
- a) A zona monumental da cidade de Santiago de Compostela sempre é de libre acceso
 - b) A zona monumental da cidade de Santiago de Compostela é de libre acceso no horario de carga e descarga
 - c) A zona monumental da cidade de Santiago de Compostela é de libre acceso no horario de carga e descarga, pero é necesario solicitar un permiso

PREGUNTAS DE RESERVA

- 91) Sinala cal dos seguintes vehículos non poden utilizar o carril habilitado para VAO:
- a) Vehículos mixtos adaptables
 - b) Turismos
 - c) Turismos con remolque
- 92) Cantos apoios ten un cegoñal dun motor de catro cilindros:
- a) Cinco apoios
 - b) Catro apoios
 - c) Seis apoios
- 93) A rede estatal de estradas é identificable mediante sinais con fondo de cor:
- a) Vermella
 - b) Verde
 - c) Azul
- 94) Se conectamos en serie dúas baterías de 12v e 200Ah, que tensión e que capacidade obteremos?
- a) 12v e 400Ah
 - b) 24v e 400Ah
 - c) 24v e 200Ah
- 95) A Escola de Práctica Xurídica da Universidade de Santiago de Compostela está situada:
- a) Na Casa de Europa
 - b) Na Facultade de Dereito
 - c) No Colexio de San Xerome